

I. DISPOSICIONES XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

2988 *Circular 3/2016 do 21 de marzo, do Banco de España, ás entidades titulares de caixeiros automáticos e ás entidades emisoras de tarxetas ou instrumentos de pagamento, sobre información das comisións pola retirada de efectivo en caixeiros automáticos.*

O Real decreto lei 11/2015, do 2 de outubro, para regular as comisións pola retirada de efectivo nos caixeiros automáticos, modifica a Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, para engadir unha disposición adicional segunda que implanta un novo modelo de cobramento de comisións pola retirada de efectivo en caixeiros automáticos con tarxeta ou instrumento de pagamento. A citada norma foi validada, de conformidade co previsto no artigo 86.2 da Constitución, mediante o acordo do Congreso dos Deputados do 14 de outubro de 2015.

A nova regulación establece que as entidades poderán chegar a acordos para fixar o importe da comisión que lle deberá satisfacer a entidade emisora da tarxeta ou instrumento de pagamento á entidade titular do caixeiro. Na falta de acordos, a comisión que determine o titular do caixeiro respecto á entidade emisora da tarxeta ou instrumento de pagamento será a mesma en todo o territorio nacional e non será discriminatoria, sen poderen derivar diferenzas para prestacións equivalentes; así mesmo, a comisión non poderá distinguir en función dos clientes da entidade emisora e só se poderá revisar anualmente.

Co obxecto de permitir o adecuado seguimento dos acordos e decisións adoptados en aplicación da nova regulación que se establece para esta comisión, a nova disposición adicional segunda da Lei 16/2009, no seu número 6, prevé que as entidades titulares de caixeiros ou as emisoras de tarxetas ou instrumentos de pagamento informen o Banco de España da comisión que deberán satisfacer as entidades emisoras ás entidades titulares dos caixeiros polas retiradas de efectivo.

A presente circular cumpre cos encargos que o Banco de España recibiu da referida norma legal no que se refire á determinación da forma, do contido e da periodicidade das obrigacións de información citadas no parágrafo anterior.

En consecuencia, en uso das facultades que ten conferidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma 1. *Obxecto.*

A presente circular, en desenvolvemento do previsto polo número 6 da disposición adicional segunda da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, ten por obxecto establecer as obrigacións de información relativas ás comisións que as entidades titulares de caixeiros automáticos perciban das emisoras de tarxetas ou outros instrumentos de pagamento nas operacións de retirada de efectivo efectuadas polos clientes destas últimas nos caixeiros daquelas situados en territorio nacional.

Norma 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto na presente circular resultará de aplicación:

1. Ás seguintes entidades cando sexan titulares de caixeiros automáticos, en territorio español, aptos para seren utilizados por clientes doutras entidades emisoras de tarxetas ou outros instrumentos de pagamento en operacións de retirada de efectivo (en diante, entidades titulares de caixeiros automáticos):

a) As entidades de crédito.

- b) As entidades de pagamento.
- c) As entidades de diñeiro electrónico.
- d) Os establecementos financeiros de crédito autorizados para operaren como entidades de pagamento híbridas ou entidades de diñeiro electrónico híbridas.
- e) As sucursais en España das entidades indicadas nas letras a) a d) anteriores que estean autorizadas nun Estado membro da Unión Europea ou nun terceiro Estado.

2. Aos provedores de servizos de pagamento, segundo a definición do artigo 2.9 da Lei 16/2009, residentes en España e autorizados para emitiren tarxetas ou outros instrumentos de pagamento en territorio español, incluídas as sucursais en España de entidades de crédito que estean autorizadas nun Estado membro da Unión Europea ou nun terceiro Estado (en diante, entidades emisoras de tarxetas ou instrumentos de pagamento).

Norma 3. *Definicións.*

Para efectos do previsto na presente circular, entenderase por:

- a) «Comisión pola retirada de efectivo»: toda retribución que deberá satisfacer a entidade emisora da tarxeta ou do instrumento de pagamento á entidade titular dun caixeiro automático polas retiradas de efectivo realizadas polos clientes da entidade emisora da tarxeta ou do instrumento de pagamento nos caixeiros da entidade titular do caixeiro situados en territorio nacional.
- b) «Tarxeta ou instrumento de pagamento»: tarxeta ou calquera mecanismo ou mecanismos personalizados que permitan ao seu titular efectuar retiradas de efectivo en caixeiros automáticos.

Norma 4. *Información que se debe remitir ao Banco de España.*

1. As entidades titulares de caixeiros automáticos deberán remitir ao Banco de España, no formulario establecido no anexo 1 da presente circular, a seguinte información:

- A comisión pola retirada de efectivo que percibirán das entidades emisoras de tarxetas ou instrumentos de pagamento coas cales se asinasen acordos que entrasen en vigor.
- A comisión pola retirada de efectivo que percibirán das entidades emisoras de tarxetas ou instrumentos de pagamento coas cales non se asinaron acordos.

2. As entidades emisoras das tarxetas ou instrumentos de pagamento deberán remitir ao Banco de España, no formulario establecido no anexo 2 da presente circular, información sobre a comisión pola retirada de efectivo que satisfarán ás entidades titulares dos caixeiros automáticos coas cales tivesen asinado acordos que entrasen en vigor.

3. Durante os 10 primeiros días hábiles do mes de xaneiro de cada ano, as entidades titulares de caixeiros automáticos e as emisoras de tarxetas ou instrumentos de pagamento deberán remitir os formularios que corresponda incluíndo a información en 31 de decembro do ano anterior.

Adicionalmente, as entidades deberán remitir os formularios que corresponda, convenientemente actualizados, cada vez que entre en vigor un novo acordo, se produza a modificación ou a extinción dun acordo vixente, ou se revise a comisión que, na falta de acordo, establecesen unilateralmente as entidades titulares de caixeiros automáticos, no prazo de 10 días hábiles contado desde o día seguinte a aquel en que se produza o feito que xustifique a remisión do formulario correspondente actualizado. Excepcionalmente, cando a entrada en vigor dun novo acordo, a extinción ou modificación dun acordo vixente ou a revisión da comisión fixada unilateralmente se produza nos 10 días hábiles anteriores ao 31 de decembro e sempre que se mantexa en vigor ata ese día, as entidades poderán remitir unicamente os formularios coa información en 31 de decembro previstos no primeiro parágrafo deste punto.

4. As entidades que, con posterioridade á data de entrada en vigor desta circular, pasen a estar incluídas no seu ámbito de aplicación deberán comunicar esta circunstancia ao Banco de España e remitir os formularios que corresponda, no prazo de 20 días hábiles contado desde o día seguinte a aquel en que se produza o feito que xustifique a remisión desta información.

5. A presentación no Banco de España dos formularios incluídos nos anexos a que se refire a presente norma deberase facer mediante transmisión telemática, de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto. A comunicación relativa á inclusión no ámbito de aplicación da circular efectuarase mediante escrito dirixido ao Departamento de Información Financeira e CIR do Banco de España.

Disposición transitoria.

1. No prazo máximo de 10 días hábiles desde a entrada en vigor da presente circular, as entidades mencionadas no número 1 da norma 2 deberán comunicar ao Banco de España se son titulares de caixeiros automáticos en territorio nacional aptos para seren utilizados nas operacións de retirada de efectivo efectuadas polos clientes doutras entidades. Nese mesmo prazo, as entidades mencionadas no número 2 da norma 2 da circular deberán comunicar ao Banco de España se emiten tarxetas ou outros instrumentos de pagamento. Ambas as comunicacións efectuaranse mediante escrito dirixido ao Departamento de Información Financeira e CIR do Banco de España.

2. No prazo máximo de 20 días hábiles desde a entrada en vigor da presente circular, as entidades incluídas no seu ámbito de aplicación deberán remitir ao Banco de España os formularios que corresponda, debidamente cubertos coa información correspondente ao último día natural do mes inmediatamente anterior á entrada en vigor desta circular.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

A presente circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de marzo de 2016.—O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.

ANEXO 1

Formulario para o envío de información sobre comisiones que percibirán as entidades titulares de caixeiros automáticos das entidades emisoras de tarxetas ou instrumentos de pagamento			
Denominación social da entidade titular de caixeiros automáticos			
Código de rexistro do Banco de España			
A. COMISIONS QUE PERCIBIRÁN EN CASO DE MEDIAR ACORDO COAS ENTIDADES EMISORAS DAS TARXETAS OU INSTRUMENTOS DE PAGAMENTO			
Entidade emisora de tarxetas ou instrumentos de pagamento (1)	Data de entrada en vigor do acordo	Data da última modificación do acordo	Comisión (2)
Denominación social			
España			
B. COMISIONS QUE PERCIBIRÁN EN CASO DE FALTA DE ACORDO			
	Data de entrada en vigor	Data da última modificación	Comisión (2)
			Detalles adicionais (3)

(1) Entidades coas cales se chegou a acordos. No caso de acordos con esquemas de tarxetas, detallaranse todas e cada unha das entidades adheridas ao acordo.

(2) Importe en unidades de euro con dous decimais, ou porcentaxe con dous decimais sobre o importe da retirada de efectivo. Se é un importe, engadirase «euros» e, se é unha porcentaxe, engadirase o símbolo %.

(3) Detalle do tipo de prestación no caso de existencia de distintas comisións.

ANEXO 2

Formulario para o envío de información sobre comisiones que deberán satisfacer as entidades emisoras das tarxetas ou instrumentos de pagamento			
Denominación social da entidade emisora da tarxeta ou instrumento de pagamento			
Código de rexistro do Banco de España			
COMISIONS QUE SE SATISFARAN AS ENTIDADES TITULARES DE CAIXEIRO AUTOMÁTICOS			
Entidade titular de caixeiros automáticos (1)	Data de entrada en vigor do acordo	Data da última modificación do acordo	Comisión (2)
Denominación social			
España			
			Detalles adicionais do acordo (3)

(1) Entidades coas cales se chegou a acordos. No caso de acordos con esquemas de tarxetas, detallaranse todas e cada unha das entidades adheridas ao acordo.

(2) Importe en unidades de euro con dous decimais, ou porcentaxe con dous decimais sobre o importe da retirada de efectivo. Se é un importe, engadirase «euros» e, se é unha porcentaxe, engadirase o símbolo %.

(3) Detalle do tipo de prestación no caso de existencia de distintas comisións.